



## ANUNCIO

### NOMEAMENTO FUNCIONARIA INTERINA BIBLIOTECARIA

Faise público que por Resolución da alcaldía núm. 831/2020, do 09.09.2020, acordouse o que segue:

“(...)

PRIMEIRO.- Nomear como funcionaria interina dunha praza do grupo: A; subgrupo:A2; escala: administración especial; subescala: técnica; denominación: bibliotecaria, para a substitución transitoria da funcionaria interina adscrita ao posto 07.03.00.01 da RPT, que se atopa de baixa por incapacidade temporal, dende o 09.09.2020 ata a súa reincorporación.

-Carolina Méndez Amenedo, con DNI núm. \*\*\*6740\*\*

SEGUNDO.- Dado que recentemente estivo prestando servizos neste Concello, requirir a Carolina Méndez Amenedo para que proceda a tomar posesión o día 09.09.2020, debendo achegar, con carácter previo, a seguinte documentación:

Declaración xurada de seguir reunindo todos e cada un dos requisitos esixidos para desempeñar o posto de bibliotecaria que acreditou no anterior nomeamento.

Se no prazo indicado non presenta a documentación requirida, o ou non toma posesión do posto de funcionaria interina, quedará sen efecto o nomeamento realizado (salvo que poidan acreditar un suposto de forza maior).

TERCEIRO.- Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236 do 02.10.2015), significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de 6 meses, a contar dende o día seguinte ao de aquel no que se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

Non obstante, poderá impugnar directamente o acto que se lle notifica ante a Orde xurisdiccional contencioso-administrativo segundo establece o artigo 123.1 da citada Lei 39/2015. A tal efecto poderá vostede interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contado a partir do día seguinte ao da notificación, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

Os prazos cóntanse a partir do día seguinte á publicación desta resolución na páxina web do Concello.

CUARTO.- Dar traslado da presente resolución aos departamentos de intervención e de persoal, así como á Xunta de Persoal e ao Comité de Empresa, aos efectos oportunos.

QUINTO.-Publicar esta Resolución na páxina web municipal.”

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey.

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*

Praza do Alcalde Ramón José Souto González, s/n.- Tlfno.: 981 49 27 07 / Fax: 981 49 27 88 -15500-FENE